

PUCA QUERE SABER SOBRE...



AS LENDAS

Imos saber máis sobre:

- que é unha lenda
- lendas do noso concello
- personaxes mitolóxicas



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

VOZ & NATURA

AS LENDAS

Unha lenda é un relato tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico, pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos.

As ou os protagonistas adoitan ser personaxes con características extraordinarias.

Ao principio, as lendas foron creadas e transmitidas de xeito oral pero, co paso dos anos, fóronse recollendo por escrito.

Coñeces algunha lenda que se conte na nosa contorna? Se é así, nárraa a continuación e fai un debuxo no que apareza o ser mitolóxico protagonista.

A serpe mariña do Coído de San Cibrao

Á enseada de Coído, en San Cibrao, concello de Cervo (Lugo) achégase cada sete anos unha xigantesca serpe para poñer os ovos. Mide arredor de trinta metros.

Os que a viron din que ten a cor vermella e que a súa pel brilla por mor do sal; as escamas son coma as cunchas dos mexillóns.

Devora todo canto se lle pon por diante e se atopa un barco, enróscase nel ata desfacelo e engulir os mariñeiros un por un, comezando pola cabeza.

Tamén se pode mover pola terra pero é menos agresiva. Se alguén a espía e ela o percibe, perségueo ata devoralo a el, a súa familia e a súa facenda. Todo o mundo sabe en San Cibrao que se ven a serpe hai que gardarse: os pescadores foxen e os pastores levan os seus rabaños a paraxes alonxadas do mar. A serpe, ademais, avisa da súa chegada. Come algunha ovella e vai deixando ó chou montóns de lá polos camiños.

Discuten algúns que a serpe vén cada nove anos e non cada sete; outros afirman que vén máis veces, e aínda din que non hai só unha serpe, senón varias pois de tantos ovos como debe levar postos algúns darían nacemento a novas serpes coma que disque hai no encoro de Riocobo.

"Galicia Encantada" Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia



Le esta lenda de San Cibrao con atención e fíxate na descrición da serpe. Debúxa a como a imaxinas.



Define as seguintes palabras coa axuda do dicionario:


Enseada:

Facenda:

Paraxe:

Encoro:

PLAMBE XVII PDI "MENS SANA IN CORPORE SANO" CURSO 21-22
OUTUBRO: MES DO MEDO ("HABELAS HAILAS")



No mapa aparece marcado o lugar onde aparece a serpe.

Lembras como se chama?

Este lugar pertence a unha aldea do concello de _____ chamada

Que outras aldeas forman o Concello de Cervo?

Que lugares importantes ten o noso concello que recomendarías visitar?

PREPARAMOS UN PODCAST PARA A ONDA PUCA RADIO

Un **podcast** é unha publicación dixital de audio que se transmiten en liña e poden escoitarse cando se queira.

Para gravar un podcast necesitamos un guión que nos axude a saber o que temos que dicir en cada momento e en que orde:

- presentación: quenes somos e de que vamos falar
- descrición do entorno: onde se produce a lenda/información sobre o lugar
- a lenda: título e contido explicado coas túas palabras

PRESENTACIÓN:

DESCRICIÓN DO ENTORNO

A LENDA:

A MARUXAINA



A SERPE MARIÑA

